sumario

Admisión de alumnado 2
Sumario / Editorial 3

colaboracións

Os saberes populares 4
Teño que estudar!

complementarias

Hospital de osiños 5

Atapuerca 6
Biblioteca "Anxel Casal" 7
Visitounos un xornalista 8
Os dinosaurios
Obradoiro de química 9

Padro e o lobo 10
Eduemprende 11
Mago Gustavo Otero
Contos musicais
O son dos nenos 12
Museos científicos 13
Día Internacional da muller 14

escolares

Entroido 15

Conto viaxeiro 17
Día da Paz
Reciclamos 18
Lume de carozo 19

biblioteca

Estreamos blog 20
Paula Carballeira 21
Día da Poesía
Día do libro infantil 22
Libros recomendados

anpa 23

editorial

Xosé Manuel Casaleiro
Director

A voltas co Patio Cuberto

Que en Galicia chove non é nada novidoso, é máis ben frecuente e por iso a necesidade de dispor de espazos cubertos para desenvolver actividades de esparcimento ou de lecer están máis que xustificadas.

En marzo de 2012, a petición do Consello Escolar, visitou o centro, o Xefe Territorial da Consellería de Educación, D. Indalecio Cabana, acompañado do daquela Concelleiro de Educación en Santiago e actual alcalde, D. Ángel Currás. O resultado daquela visita reflectida no nº20 da revista Banzo foi, entre outros, o compromiso de estudar a viabilidade da construción dun patio cuberto para o centro na ubicación que indica a infografía adxunta.

Pasado certo tempo e ante a falta de concrección da proposta, solicitouse unha entrevista co Secretario Xeral Técnico da Consellería, D. Jesús Oitavéno que se realizou o día 26 de novembro de 2013, a que asistimos a Secretaria Dna. Esther Doñate e o Director. Nela expúxoselle a situación do centro, que é un dos poucos do Concello no que logo de 30 anos de existencia non se acometeron obras ou reformas de calado, agás a do comedor no que comen diariamente preto de 300 alumnos que xustifican claramente o investimento.

Lembróuselle que o centro ten carencias e problemas derivados da súa propia antigüidadade como a necesidade dun pintado interior, renovación dos andeis das aulas, problemas de eficiencia enerxética (deseño do sistema de calefacción, falta de doble acristalamento, tapas de persianas)... así como outros de menor entidade que se están a incrementar nos últimos por falta de mantemento por parte do Concello.

Pero o acento púxose en que o prioritario para o centro é a construción dun novo patio cuberto.

Saímos da reunión co compromiso de estudar tanto a reforma dos andeis, na que felizmente tivemos a súa colaboración, como a de tentar neste ano a construción do novo patio.

Desde ese 26 de novembro e logo de non sabemos cantas cicloxéneses explosivas, temporais e días de chuvia sin fin, a necesidade do patio é inaprazable.

O estrés que supón para o alumnado ter que realizar o periodo de recreo no interior dos corredores, ou nos voladizos do pavillón, así como a tensión para o profesorado ao ter que vixiar a 300 alumnos (3º a 6º de EP) nun reducido espazo, co conseguinte perigo que isto supón, fan que debamos seguir reiterando esta necesidade que é de lei para o centro público con máis alumnado de Santiago e unha demanda de toda a comunidade educativa.

3ª AVALIACIÓN — Entre o 09/06/2012 e o 12/06/2012

ABRIL 2014

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

MAIO 2014

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

XUÑO 2014

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						